

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ORGANIZAR DE MANEIRA CONXUNTA UN CONCURSO DE DISEÑO DO CARTEL DA I FEIRA DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN DE FERROL. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2025038798). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Educación, que textualmente di:

“A concelleira delegada de Educación e Universidade ordenou a incoación do expediente para a sinatura dun convenio entre o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña (UDC) para organizar, de maneira conxunta, un concurso de deseño do cartel da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.

Dende un punto de vista normativo, a Lei 40/2015 reguladora do Réxime xurídico do sector público regula nos seus artigos 47 e seguintes os principios, esixencias e contidos que teñen que cumprir os ditos instrumentos para alcanzar a súa sinatura.

Neste sentido, incorpórase ao expediente a memoria xustificativa esixida polo artigo 50.1 da dita norma.

Do mesmo xeito, incorpórase o informe emitido pola asesoría xurídica do convenio que se pretende asinar.

Por último, remíteselle á Intervención Municipal para a súa fiscalización.

Dende o punto de vista competencial, e de conformidade co acordo Xunta de Goberno Local de reserva de atribucións, acordo do 11/12/2023 (BOP do 20/12/2023), corresponde ao dito órgano -Xunta de Goberno Local- a aprobación dos convenios.

En cando ás obrigas reflectidas e notificación do convenio ao Consello de Contas (artigo 53 da Lei 40/2015) e tendo en conta que os compromisos económicos derivados do convenio non superan os 600.000 € non será necesario a dita comunicación.

Polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do convenio entre o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña (UDC) para organizar, de maneira conxunta, un concurso de deseño do cartel da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto a favor da Universidade da Coruña (UDC) Q-6550005J, por importe de douscentos cincuenta euros (250 €), gasto imputable á aplicación 05003 3263 48000.

Terceiro.- No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.

Cuarto.- Subministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Asdo. pola xefa de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo e pola concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística.

***ANEXO 1: CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Patricia María Cons Formoso con DNI ***5899**, concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700 – E, actuando en virtude das competencias que ten delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/15/2023.

Por outra parte, Don Ricardo Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade de A Coruña, con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-6550005J, en nome e en representación da citada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG de 17 de outubro), polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña (no sucesivo, UDC)

Da fe do acto Dona Rebeca Vázquez Vázquez, a Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dentro da política de ambas entidades está a de fomentar que o alumnado coñeza de primeira man a ampla oferta académica e profesional a súa disposición. Para isto O Concello de Ferrol, en colaboración coa Universidade da Coruña (UDC), a través do Campus Industrial de Ferrol (CIF), organiza a *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*. Para fomentar a creatividade do alumnado se convoca un concurso de deseño do cartel da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol* coa creación da imaxe visual que reflicta o espírito deste actividade, e en consecuencia, ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

Ambas institucións organizarán, de maneira conxunta, un concurso de deseño do cartel da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.

SEGUNDA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE FERROL

O concurso está dotado con un único premio en metálico de douscentos cincuenta euros (250 €), que terá carácter de anticipo dos dereitos de autor. O dito premio será sufragado polo Concello de Ferrol, con cargo á partida orzamentaria 05003 3263 48000 do orzamento de 2025.

Así mesmo, o Concello de Ferrol realizará a promoción e difusión da convocatoria do certame conforme aos criterios que este considere oportunos.

O cartel gañador será empregado como cartel promocional da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña se compromete a elaborar as bases polas que se rexerá o concurso, tendo en conta o seguinte:

- O concurso estará aberto a todo o alumnado da Universidade de A Coruña.
- O cartel deberá reflectir toda a información sobre a *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.
- O idioma do cartel será en galego e formato A3, a entregar en PDF.
- O Xurado estará formado por membros a partes iguais de ambas entidades asinantes do presente convenio.
- O cartel gañador pasará a ser propiedade do Concello de Ferrol.

A Universidade da Coruña encargarse de dar difusión das bases do premio entre o seu alumnado, así como de recepcionar as propostas candidatas.

CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes, nos seus propios termos.
- Por incumprimento o irregularidades graves na execución do convenio.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos con dous meses de anticipación á data na que desexara deixalo sen efecto.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutra normativa que resulte de aplicación, de modo específico ás previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En todo caso, haberán de ser terminadas as accións que no seu momento atópanse en curso ou estea comprometida a súa realización. Así mesmo, en canto a outros posibles efectos da resolución, estarase ao previsto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO PREMIO

O concello de Ferrol anunciará en rolda de prensa a convocatoria do premio e o gañador do mesmo unha vez coñecido o fallo do xurado, contando coa presenza dun representante da Universidade.

Ambas entidades actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer o certame.

En todo o material que se realice para a difusión do concurso, así coma no cartel que resulte premiado figurarán os logotipos do Concello de Ferrol e o da Universidade da Coruña.

SEXTA.- XURADO

O premio será fallado por un xurado que, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, estará formado pola concelleira de Educación, Universidade e Política Lingüística do Concello de Ferrol, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, xefa do Gabinete de Prensa do Concello de Ferrol e técnico de comunicación do Campus con voz e voto.

SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para o seguimento do desenvolvemento deste convenio, poderase constituír unha comisión paritaria mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes, que establecerá

de común acordo as normas relativas ao seu funcionamento. A esta comisión corresponderanlle todas aquelas funcións que se desprenden do presente Convenio e ou que as partes estimen convenientes.

A comisión de Seguimento celebrará as pertinentes reunións para o cumprimento das funcións que lle son propias, tomando os acordos que se consideren oportunos.

Os membros da comisión darán conta do resultado da súa xestión ás respectivas institucións.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no Regulamento UE 2016/679, de 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluídas as relacións negociais entre as partes.

NOVENA.- APROBACIÓN E DURACIÓN DO CONVENIO

Este convenio é aprobado pola Xunta de Goberno Local e é específico para o concurso do deseño do cartel da *I Feira de Educación e Formación de Ferrol*.

A data de sinatura deste convenio será a data da sinatura realizada en último termo. A súa vixencia finalizará o 31 de decembro de 2025.

DÉCIMA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 de dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional de Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente Convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a pedimento de calquera delas. Estas modificacións entrarán en vigor na data en que ambas as entidades acorden. Estas modificacións reflectiranse nun documento que será asinado por ambas as partes e unido a este Convenio como Addenda do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- LINGUA VEHICULAR E USO DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística.

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento co Concello redactaranse en lingua galega, así como toda a presenza pública, escrita ou oral, (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo , etc) relativas ao obxecto do contrato ou do convenio.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínate do xénero feminino”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE

